



VALENTÍN PAZ ANDRADE  
LETRAS GALEGAS  
2012

CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES

## 1- BIOGRAFÍA:

Valentín Paz Andrade naceu en Lérez, Pontevedra, o 23 de abril de 1898 e, finou en Vigo o 19 de maio de 1987. Foi avogado, político e escritor.

Os seus pais foron Francisco Paz Cachón e Matilde Andrade Tojeiro. Tivo tres irmáns, Matilde, Carmen e Castora. O seu tío, Juan Bautista Andrade, tivo unha gran influencia na súa vida, por un lado, alentouno para estudar dereito e, por outro lado, presentoulle a Castelas, un dos intelectuais que máis influíron na súa obra.

En 1919, durante a súa época estudiantil, entra en contacto co movemento galeguista e, participa como colaborador no xornal "Gaceta de Galicia".

Entre 1922 e 1926, foi director do xornal "Galicia".

En 1931, colaborou na redacción do anteproxecto do Estatuto de Galicia.

En 1934, foi nomeado secretario do Partido Galeguista.

En 1936, co estalido da Guerra Civil, e debido a súa condición de avogado, axudará a fuxir a numerosos intelectuais. Compromiso polo que en numerosas ocasións, entrará no cárcere.

En 1937, vivirá a soidade do desterro e comezará a sentir a necesidade de expresarse a través da escritura. Foi desterrado a Verín, Castro Caldelas, Trives e Badaxoz. En Trives coñece a Pilar Rodríguez Prada con quen casa en 1939 e, un ano despois, nacerá o seu único fillo, Alfonso Paz-Andrade.

En 1942 converteuse en director da revista "Industrias Pesqueras".

Foi ademais, impulsor do grupo industrial Pescanova, do

cal, en 1960, sería vicepresidente e ademais membro da FAO.

Publicou numerosos artigos en Faro de Vigo e La Noche, onde firmaba cos pseudónimos de M., Xan Quinto e Mareiro. En 1945, organizou o faladoiro do café Alameda, en Vigo, onde se reunía con intelectuais e artistas como: Laxeiro, Fernández del Riego ou Prego de Olivier.

En 1977, foi elixido senador por Pontevedra, dentro da Candidatura Democrática Gallega.

## 2- OBRA:

A súa obra reflicta unha gran preocupación polo progreso de Galicia.

Colaborou nas revistas O Ensino, Grial e Outeiro etc.

Formou parte da Xeración de 1925 e, case toda a súa obra reflicta unha gran motivación patriótica.

En 1964, foi membro da Real Academia Galega.

Da súa obra, destaca:

### NARRATIVA:

- Soldado da morte (1921).

### POESÍA:

- Pranto matricial (1954), evoca a morte de Castelao.
- Sementeira do vento (1968), canto á paisaxe, á xente, ao exilio e ao amor ausente.
- Cen chaves de sombra (1979)
- Cartafol de homenaxe a Ramón Otero Pedrayo (1985).

### ENSAIO:

- Galicia como Tarea (1959)
- La anunciación de Valle-Inclán (1967)
- Castelao na luz e na sombra (1982)
- La marginación de Galicia (1970)

## 1º O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O 17 de maio é o Día das Letras Galegas, unha festa que se celebra dende hai 45 anos e que foi establecida pola Real Academia Galega.

No Día das Letras Galegas homenaxéase a un escritor ou escritora que escribira en idioma galego ou que defendera a nosa cultura e a nosa lingua, pero a homenaxe non é só ese día senón que se celebran actividades durante todo o ano: programas de radio e televisión, conferencias, publicacións, congresos ...

Esta celebración foi instituída o 17 de maio de 1963 coincidindo coa publicación en Vigo, en 1863, do primeiro exemplar de Cantares Gallegos.

A primeira persoa homenaxeada foi a escritora Rosalía de Castro, no ano 1963.

Atrévete a facer un cartel anunciando o Día das Letras

## 2º INVESTIGA SOBRE AS LETRAS GALEGAS 2012?

1º A quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas?

.....

2º En que vila ponteredresa naceu?

.....

4º Cal era a súa profesión?

.....

5º Escribe o nome de dous dos seus libros?

.....

.....

## 3º DESCUBRIMOS .....

Colorea neste rebumbio de nomes os autores ou autoras aos que non se lle dedica o Día das Letras Galegas 2012.

MANUEL MURGUÍA

ROSALÍA DE CASTRO

C  
A  
S  
T  
E  
L  
A  
O

EDUARDO  
PONDAL

VALENTÍN  
PAZ  
ANDRADE

ÁLVARO  
CUNQUEIRO

#### 4º OS OFICIOS ...

Colorea as tres afeccións que tivo Valentín Paz Andrade durante a súa vida.

MESTRE

AVOGADO

MÉDICO

ESCRITOR

PINTOR

POLÍTICO

XORNALISTA

XASTRE

MARIÑEIRO

#### 5º QUE SABES DE VALENTÍN PAZ ANDRADE?

Completa o cadro con dez palabras relacionadas coa vida de Valentín Paz Andrade. Se non as sabes, localiza no re-bumbio o número e a sílaba e, terás a solución.

<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	→ O seu segundo apelido .....24, 16, 10
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	→ Nome da súa nai ..... 4, 23, 10
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	→ Idioma no que escribiu..... 7, 20, 13
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	→ Lugar entre rexas ..... 9, 17, 2
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	→ Nome do xornal que dirixiu. 7, 18, 8
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	→ Colabora ca revista ..... 22,19, 12
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	→ Sinónimo de militar ..... 5, 1, 6
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	→ Pseudónimo ..... 11, 14, 12
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	→ Primeiro apelido do seu tío. 21, 15, 3
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	→ Membro da Real Academia... 7, 20, 7

24

AN

4

MA

9

CÁR

18

LI

10

DE

20

LE

16

DRA

22

OU

25

DE

12

RO

2

RE

23

TIL

7

GA

8

CIA

17

CE

6

DO

19

TEI

13

GO

5

SOL

11

MA

14

REI

3

TA

21

BAU

1

DA

12

RO

15

TIS

## 6º CANDO TI VOLVAS ...

Le o seguinte poema de Paz Andrade e une cada debuxo co seu nome. Localízalos no poema e subliñaos.



Na matricial Galiza, sempre túa,  
que dende a Torre de Hércules ó Miño  
un facho acenderá por cada illa,  
cando ti volvas polo mare;



de toxo unha foqueira en cada monte,  
cando ti volvas polo mare;  
dos castros na coroa unha cachela,  
cando ti volvas polo mare;



unha loura candea en cada pino,  
cando ti volvas polo mare;  
o seu cirio de frouma os alciprestes,  
cando ti volvas polo mare;  
un farol mariñeiro en cada dorna,  
cando ti volvas polo mare;

veliñas á xanela en cada casa,  
cando ti volvas polo mare;  
e as pérolas das bágoas derramadas  
cando ti chegues polo mare,  
cando ti chegues polo mare ...



*Valentín Paz Andrade*

*Cando ti volvas polo mare ...*





## 7º LECTURA COMPRENSIVA

1º Tendo en conta o poema, relaciona as palabras de cada columna:

Fogueira	dorna
Castros	pino
Candea	cachela
Frouma	casa
Farol	monte
Xanela	alciprestes
Pérolas	bágoas

2º Que se acenderá en cada illa?

---

3º Onde se atopa a persoa que vai vir?

---

4º Escribe unha frase con cada palabra:

Cachela

---

Dorna

---

Bágoas



---

Candea

---

## 8º INVESTIGANDO

De todos estes libros, escribe só os que podería ter escritos Valentín Paz Andrade.



---

---


---

---

---

## 9º VIAXANDO POLO PAÍS

Busca no mapa os datos que precisas para resolver estas dúas cuestións.



1º. Valentín Paz Andrade quere viaxar dende Vigo á Coruña pasando por Lugo. Cantos quilómetros ten que percorrer?

2º. Paz Andrade viviu unha etapa do seu desterro en Verín. Se Verín está situado a 72 quilómetros de Ourense, cantos quilómetros percorreu para ir dende Pontevedra ata Verín pasando por Vigo.

## 10º FACENDO NÚMEROS

Consulta a biografía de Valentín Paz Andrade e completa os seguintes textos:

- Valentín Paz Andrade naceu no ano \_\_\_\_\_. No ano \_\_\_\_\_ publicou o seu libro Pranto Matricial. Cantos anos tiña entón?

- No ano 1931 colaborou na redacción do anteproxecto do Estatuto de Galicia. Que idade tiña neste momento?

- Á idade de 66 anos foi nomeado membro da Real Academia Galega. En que ano recibiu este nomeamento?

- En 1922 converteuse en director do xornal "Galicia". Xornal que pecharía en 1926 debido á dictadura de Primo de Rivera. Cantos anos estivo aberto?, Cantos anos tiña Paz Andrade cando pechou?

## 11.º CAPOTES DE SOMBRA AMARGOS

Dous a dous en tres ringleiras  
tricornios seis, seis cabalos  
un fusil a cada lombo,  
capotes de sombra amargos  
cal seis fusiles de tebra  
sobre hipogrifos marchando.

As ferraduras nas laxes  
ronsel de chispas nos cascos.  
Charoles ó anoitecer  
verten seu frío no cadro.

Valentín Paz Andrade  
Cen chaves de sombra

1º A que momento da vida de Paz Andrade, fai referencia este poema?

---

3º En que lugares viviu esta situación?

---

2º Localiza no poema un sinónimo para as seguintes palabras :

Lousa \_\_\_\_\_ vestixio \_\_\_\_\_ reas \_\_\_\_\_  
ás costas \_\_\_\_\_ luscofusco \_\_\_\_\_ .

## 12º O PASO DO TEMPO

- Relaciona cada titular sobre a biografía de Valentín Paz Andrade cunha imaxe.
- Ordena cronoloxicamente os seguintes feitos



11



6

VALENTÍN PAZ-ANDRADE

### SEMENTEIRA DO VENTO

INTERVENCION DE LAZARDO


GALEGA - PREMIO  
W. OSORRIO DE ALONSO,  
Príncipe das Letras de Braxil

1960  
1968

8



9



5



7



2



10



3



4



1



7

Valentín Paz Andrade casou en 1939 con Pilar Rodríguez coa que tivo un so fillo.

En 1931, colaborou na redacción do anteproxecto do Estatuto de Autonomía.

Valentín Paz Andrade naceu en Lárez, Pontevedra o 23 de abril de 1898.

Publica o seu libro Pranto Matricial.

Paz Andrade falece en Vigo o 19 de maio de 1987.

Co estalido da Guerra Civil axudará a fuxir a numerosos intelectuais polo que entrará no cárcere en numerosas ocasións.

Impulsou a creación de Pescanova e foi nomeado vicepresidente.

En 1934, foi nomeado secretario do partido Galeguista.

Foi nomeado director da revista Industrias Pesqueiras.

Durante a súa época estudiantil, Castela foi un dos intelectuais que máis influíu na súa vida.

En 1968, publica Sementeira do Vento.